

**A S I S T E N T E S**

C.I.G.

[Cándido Pérez Betanzos](#)

Luis Pérez Gómez

Alfonso Caride Losada

Mº José Montero Vilariño

CC.OO.

[Luis José Olivares Requejo](#)

Mercedes Alonso Alonso

[Manuel Velasco Graña](#) (Delegado)

U.G.T.

Carlos Román Lago

Reunidos nos locais sindicais do Campus de Vigo ás 10:30 horas da mañá, procédese a estudiar os temas expostos na orde do día.

**1. Lectura e Aprobación da Acta anterior:**

Adíase a aprobación da acta anterior.

**2. Informe do Presidente:**

- Petición de traslado de Ana M. Guerra Lobelle, ordenanza do grupo V da UNED, á Universidade de Vigo.
- Estatísticas de prazas ofertadas e convocatorias dende o ano 1992 ata 1999.
- Solicitud de reunión có Comité Intercentros para coñecer o estado da negociación coa Xerencia ó respecto das retribucións complementarias.
- Resolución de autorización de traballo de categoría superior a Matilde Méndez Camaño (propias do Grupo II).
- Resolución de autorización de traballo de categoría superior a Carlos Martín Mosquera (propias do Grupo IV).
- Petición, firmada por 72 traballadores do Rectorado, de que se asine un convenio cun parking privado, ou coa empresa concesionaria da ORA, unha subvención da Universidade de Vigo para gastos de transporte, servicio de balde polo centro da cidade ou habilitación dun espacio propio para este mester.

**3. Asuntos de Trámite:**

- Propónense representantes deste comité nos tribunais dos procesos selectivos de Auxiliares Técnicos de Servicios Xerais e Técnico Especialista de Biblioteca.
- Vótase a favor do temario das probas de Auxiliar Técnico de Biblioteca, co voto en contra de Luis Pérez porque "ó coñecelo durante esta reunión careceu de tempo suficiente para emitir unha opinión fundada".

**4. Asunto Olga Resúa:**

- Escrito dirixido ó comité intercentros por Olga Resúa. Acórdase remitir escrito á Xerencia.

**5. Negociación pendente.**

- Examínase o texto da convocatoria y temario para a ORI e acórdase debatelo nas reunións coa Xerencia.

**6. Retribucións e Convocatoria de assembleas, documento de retribucións.**

- Adíase á seguinte reunión.

**7. Plan de Formación 2001.**

- Adíase á seguinte reunión.

**8. Outros asuntos a proposta dos membros do Comité:**

- Non hai.

**9. Rogos e preguntas:**

- Petición de Manuel Velasco Graña de información disponible acerca da integración de Relacións Laborais na Universidade..

**ACORDOS:**

- Enviar escrito a Xerencia nos seguintes termos:

*"Primeiro: Instar á Xerencia da Universidade para que nos concursos de méritos para a provisión de postos e nas convocatorias de promoción interna poida participar en igualdade de condicións o persoal laboral declarado a extinguir e que ocupe postos reservados ó persoal funcionario de administración e servicios.*

*Segundo: Que de terse omitido a posibilidade de participación nas condicións citadas no punto anterior ó persoal laboral en postos de funcionario que o solicitara, tanto en concurso de méritos como de promoción interna, se lle compense polo prexuízo causado respecto dos efectos económicos e administrativos."*

- Sobre a incorporación de Relacións Laborais á Universidade de Vigo:

*"Informar favorablemente o Acordo para a integración da Escola Universitaria de Relacións Laborais, adscrita a Universidade de Vigo, en especial no referido nas súas cláusulas sexta, oitava e decimoterceira.*

*Entedemos que a súa adcripción debería producirse nos grupos, categorías e cos salarios que se correspondan coa estrutura de PAS da universidade. Debe terse en conta ademais, que de haber unha diferencia salarial ó seu favor, en cómputo anual, entre o que perciben e o que deben percibir no posto homologable, esta deberá aboarse mediante o correspondente plus "ad personam."*

- Propor como representantes do Comité Intercentros no Tribunal do proceso selectivo de Axudantes Técnicos de Servicios Xerais a Mercedes Alonso e Cándido Pérez como titulares e Lola Montoya e Ramón Barreiro como suplentes.
- Propor como representantes do Comité Intercentros no Tribunal do proceso selectivo de Técnico Especialista de Biblioteca a Manuel Velasco e y Luis Pérez como titulares e Mercedes Alonso e Carlos Mollinedo como suplentes.
- Debater o texto da convocatoria y temario para a ORI nas reunións coa Xerencia.

Fdo: Luis José Olivares Requejo  
(Secretario)

VºBº: Cándido Pérez Betanzos  
(Presidente)